

Santiago novelado

Anxo Tarrío Varela

Hai xa algunhas semanas que tivo lugar a presentación no pazo de Bendaña de Santiago da primeira novela de Emilia Pardo Bazán, titulada *Pascual López. Autobiografía de un estudiante de medicina*, coeditada polo Consorcio da cidade e a editorial Ara Solis en magnífico deseño, e posta a punto para o prelo polo catedrático da Universidade compostelana José Manuel González Herrán e mais unha discípula e colaboradora súa, a doutora Cristina Patiño Eirín.

Aínda que pareza raro, non foi a nosa cidade escenario de moitas aventuras novelescas, por máis que si fose mil veces evocada liricamente por poetas que mantiveron con ela relacións máis ou menos duradeiras, máis ou menos pasaxeiras. Neste sentido, e a pesar de que entre relatos curtos e novelas poderíamos enumerar, quizabes, máis dunha ducia de títulos nos que os escenarios de ficción se identifican co vello burgo, aínda Compostela segue a ser un reto importante para calquera narrador e aínda está por escribir a gran novela de Santiago.

A Condesa de Pardo Bazán deu a luz o seu *Pascual López* en 1879, xusto un ano antes de que Marcial Valladares se decidise a publicar un texto bilingüe (máis ben diglósico) galego/castelán que el tiña gardado no caixón dende había dez anos e que, baixo o título de *Majina ou a filla espúrea*, había constituír a primeira novela galega moderna e a primeira, así mesmo, en que Santiago figura como espacio de ficción recoñecible no ámbito das nosas letras.

Antóllaseme que, como lle ocorrerá a calquera respecto da súa propia cidade, para os composteláns debe ser difícil ponderar con ecuanimidade o valor dunha novela ambientada en espazos que lle resultan tan familiares e sobre os que proxecta a súa propia memoria, coñecementos e biografía. Existe nisto un obstáculo a salvar que moito debe ter en conta o novelista para non incorrer en inexactitudes, anacronismos ou calquera outro deliz narrativo que poña a proba as competencias do lector indíxena. Pero tamén se me antolla que o novelista que elixe como espacio de ficción a cidade na que un naceu e medrou ten gañado de antemán un plus de simpatía que lle outorgamos de xeito gratuito, neste caso os santiagueses, e que tan só unha impericia moi patente pode botar pola borda.

Non tivo mala crítica no seu tempo, por máis que engordidamente fose sendo obxecto de esquecemento, pero sentadas as premisas anteriores, coido

que podemos dicir que a novela da Pardo Bazán pode gustar aos composteláns, malia certos defectos narrativos que presenta dende un punto de vista esixente da arte de novelar e que son ben detectados polos citados profesores, autores, á súa vez, da documentada, rigorosa e amena introdución que encabeza esta nova edición do *Pascual López*, unha simpática historia de ciencia ficción ou de literatura de anticipación, con típico triángulo amoroso resolto de xeito bastante orixinal, e construída sobre bases doadas de recoñecer na novela picaresca e barroca españolas, dende a linguaxe arcaizante da voz narradora, anque mesturada por veces de modismos de novo carimbo, ata a fasquía das personaxes, que toman moito da súa vida de ficción amparados nos modelos ofrecidos por Lázaro de Tormes, Guzmán de Alfarache, Don Quixote, Sancho Panza, o Don Pablos de Quevedo, etc., aínda que tamén nos da novela romántica, gótica e realista, é dicir, na que se elabourou ou se estaba a elaborar no mesmo século ou momento en que a Condesa deseñou a súa.

Emilia Pardo Bazán, axiña de casar, con tan só dezasete anos, veu vivir a Santiago co seu home, José Quiroga, a quen axudou moi seriamente a rematar a carreira de Dereito. Aquí tivo a posibilidade de tomar contacto coa Universidade, pola que tanto debecía o seu talante de muller interesadísima en todo o referente á ciencia e á cultura, e de aquí puido tomar notas da vida dos estudantes tal e como desfilan pola novela, que en algo recorda á que moitos anos máis tarde (1915) había publicar Pérez Lugín co título de *La Casa de la Troya (Estudiantina)*.

Por iso *Pascual López. Autobiografía de un estudante de medicina* pode interesar, cando menos, ao compostelán de cerna e, en calquera caso, ao curioso que queira debrozarse un pouco no Santiago chuviñento e melancólico do século XIX.